

A N U N C I O

O Pleno do Concello nas súas sesións do 15/10/99 e 12/11/99 acordou aprobar o Prego de condicións xurídicas, técnicas e económicas que rexerán no concurso por procedemento aberto, para a construción e explotación dun aparcadoiro subterráneo no núcleo urbano de Pontearreas, o cal expónse ó público polo prazo de 8 días, para os efectos de reclamacións, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Simultaneamente, anúnciase concurso, se ben a licitación quedará aprazada no suposto de que se presentasen reclamacións contra o Prego.

1.—OBXECTO DO CONTRATO

Obra: Construción e explotación dun aparcadoiro subterráneo en Pontearreas.

Prezo de licitación: a xuízo do ofertante.

2.—PRAZO DE EXECUCION E DURACION DA CONCESION

O prazo de execución das obras fíxase en once meses e comezará a contar dende a data na que se asine á acta de replanteo.

A obra realizarase de conformidade co Prego de condicións aprobado polo Pleno do Concello o 15/10/99, estando á disposición dos interesados na Secretaría da Casa do Concello.

O prazo máximo da duración da concesión será de 75 anos, de conformidade co acordado no Pleno do 12/11/99.

3.—GARANTIAS

Provisional: 7.000.000 (sete millóns) pesetas.

Definitiva: 4% do presuposto das obras.

4.—PRESENTACION DE PROPOSICIONS E DÓCUMENTACION COMPLEMENTARIA

Durante os 26 días naturais seguintes á publicación do anuncio de licitación do último publicado (Diario Oficial de Galicia ou Boletín Oficial do Estado), en horas de oficina.

5.—MODELO DE PROPOSICION

O contido no Prego de Cláusulas. Documentación complementaria, a sinalada no Prego. Cando as proposicións se envíen por correo, o licitador deberá xustificar a data e hora na que se fixo o envío e comunicalo ó Concello mediante fax ou telegrama, dentro da data e hora fixados como prazo de presentación.

6.—APERTURA DE PLICAS

As 10 horas do primeiro mércores seguinte ó remate do prazo de presentación de proposicións, no salón de sesións da Casa do Concello de Pontearreas.

Pontearreas, 13 de novembro de 1999.—José Castro Alvarez. 10548

A N U N C I O

A Comisión de Goberno, en sesión realizada con data 8/11/99, acordou aprobar as seguintes tarifas para o ano 2000, relativas ó abastecemento de augas e depuración:

TARIFA DE AUGA

USOS DOMESTICOS:

Mínimo: ata 15 m³/mes (43 pts/m³).

De 15 ata 20 m³/mes (48 pts/m³).

Máis de 20 m³/mes (53 pts/m³).

USO COMERCIAL:

Mínimo: ata 15 m³/mes (48 pts/m³).

Máis de 15 m³/mes (51 pts/m³).

USO INDUSTRIAL E OBRAS

Mínimo: ata 15 m³/mes (52 pts/m³).

Máis de 15 m³/mes (59 pts/m³).

CONSERVACION DE CONTADORES

Cota por contador abonado/mes (24 pts/ab.mes).

TARIFA DE DEPURACION

USOS DOMESTICOS:

Mínimo: ata 15 m³/mes (26 pts/m³)

De 15 ata 20 m³/mes (29 pts/m³).

Máis de 20 m³/mes (31 pts/m³).

USO COMERCIAL:

Mínimo: ata 15 m³/mes (26 pts/m³).

Máis de 15 m³/mes (29 pts/m³).

USO INDUSTRIAL E OBRAS:

Mínimo: ata 15 m³/mes (26 pts/m³).

Máis de 15 m³/mes (29 pts/m³).

As devanditas tarifas expóñense ó público polo prazo dun mes, para os efectos de reclamacións; no caso de non producirse éstas, entenderanse definitivamente aprobadas.

Pontearreas, 9 de novembro de 1999.—O Alcalde, José Castro Alvarez. 10546